

## RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO DE INTERESE SANITARIO PARA ACTOS CIENTÍFICOS.

Expediente núm.: SA301A 2024/8-5.

### ANTECEDENTES

1. O 29/05/2024 Compostela Congressos SL, co NIF B94088564 en representación da entidade *SOCIEDAD DE PEDIATRIA DE GALICIA* co NIF G15132525, solicitou o recoñecemento de interese sanitario para o acto "*LXXIV Congreso SOPEGA*" a celebrar os días 8 e 9 de novembro de 2024 en Pontevedra.
2. A xefa do Servizo de Xestión emitiu un informe-proposta favorable ao solicitado.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Dirección Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta, de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico destinados a promover o estudo, difusión, formación e especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde (DOG Núm. 6, do 10 de xaneiro de 2017) e de conformidade coas disposicións

adicional décimo segunda e transitoria terceira do Decreto 49/2024 de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 81, do 24 de abril de 2024) e en virtude das funcións atribuídas no artigo 20 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG número 101, do 27 de maio de 2024).

2. Examinada a documentación do expediente e tendo en conta o informe-proposta do Servizo de Xestión, o acto referido reúne os requisitos establecidos na Orde de 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Visto o exposto e demais normativa de xeral aplicación,

### **RESOLVO:**

1. Outorgar o recoñecemento de interese sanitario ao acto "*LXXIV Congreso SOPEGA*" organizado pola *SOCIEDAD DE PEDIATRIA DE GALICIA* co NIF G15132525, que se vai celebrar os días 8 e 9 de novembro de 2024 en Pontevedra.
2. Ordenar a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, conforme ao artigo 9 da Orde citada, implica a obriga para os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto de remitir a esta Dirección Territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.



Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro).

Mediante este documento notifícaselle á persoa interesada esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital  
A directora territorial  
Natalia Botana Rey

